



## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

LOGO DE VER a necesidade de proceder por parte do Pleno da Corporación a aprobar a participación do Concello de Oroso no POS + 2025 e tendo en conta que o prazo para a presentación do mesmo remata o día 7/02/2025 o que imposibilita que exista prazo para que a proposta de acordo sexa previamente ditaminada pola Comisión Informativa correspondente, procede a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno, debendo previamente proceder a aprobar a urxencia e inclusión do asunto na orde do día de conformidade co previsto no 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023. E que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro permite a celebración de sesións extraordinarias que non cumpran coa periodicidade das sesións ordinarias fixadas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e tendo en conta a necesidade de proceder a aprobar os citados asuntos no prazo mais breve posible non sendo posible a súa demora para o seguinte pleno ordinario. Considerando polo tanto non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 06/02/2025

Hora: 09:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 09:00 h. a 2.ª, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

#### I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobar se procede a participación do Concello no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos Concellos) POS + 2025, da deputación Provincial da Coruña previa aprobación da urxencia da inclusión na orde do día.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal/openscms/gli/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real

decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario do Concello.  
Federico Suárez Cancelo.